

## A SÚA OBRA:



Boletín nº 17  
maio 2009

## Venres 5 xuño ás 20 horas

AUDITORIO EMILIA PARDO BAZÁN

- Encontro co autor: Xabier P. Docampo
- Actuación da compañía DUELIRIUM
- Entrega de premios do V Certame Literario
- Exposición dos libros do autor nas BE e BM
- Sinaturas de libros por parte do autor

### COLABORAN:


- Centros participantes no V Certame Literario: IES de Vilalonga, CEIP de Dorrón, A Florida e Portonovo.
- Rede de Bibliotecas Municipais do Concello
- Librería Nós
- Concellería de Cultura e Educación Sanxenxo

**Non esquezas traer os teus libros para que os asine o escritor!!**

Solicítaos na Biblioteca do teu centro ou nas Bibliotecas municipais da rede do concello.

Para máis información:

<http://bibliotecaiesanxenxo.blogspot.com/>



## XABIER P. DOCAMPO

*Sen dúbida, o acto máis sublime de amor que eu coñezo é contar unha historia.*

### *Os meus primeiros records...*

*Aquelas memorias que se escribiron no meu corazón como as gozosas cicatrices dun ferro ardendo, son dun pai muiñeiro, coa gorra enfariñada.*

*Aquel muiño a beiras do río Lea que xiraba mentres o meu pai baleiraba sacos de trigo subido ao alto.*

*A cociña de casa, co meu pai contando historias ou a miña nai contando contos ao tempo que debullaba un canastro de fabas.*

*Os ecinos que acudían a escoitar ou a contar tamén os seus aconteceres ou a xogar á brisca...*

<http://www.xabier-docampo.net/>

## UNHA ESCOLLEITA:



### A CASA DA LUZ: o libro.

Alicia e os seus amigos son os protagonistas desta historia que nestes momentos estase a rodar en terras galegas. A casa de Eiravella, a mudez de Pumariño e algunhas feridas que veñen dos tempos da guerra son algúns dos ingredientes que a aderezan.



## VIAXES IMAXINARIAS

*Viaxar é ir ao encontro do que nos emociona na súa contemplación e diante do que abandonamos todo desexo de posesión, porque o gozo está en recibírmolo de xeito gratuito.*

Así comeza este último libro do autor que nos propón unha viaxe por lugares imaxinarios, ao xeito de Calvino.




### A CASA DA LUZ: a película



Velaí os seis nenos galegos que protagonizan a película dirixida por Carlos Amil e producida por Vimbio Filmes.

Segue toda a evolución da rodaxe no blog do autor:

<http://www.xabier-docampo.net/>



**HOY VAS A ENTRAR EN MI PASADO.** Publicado en castelán, trata como un caderno abandonado sobre unha mesa do Café *Iruña*, é capaz de despertar unha necesidade imperiosa de buscar o seu dono para desentrañar as mensaxes que alí se atopan.



### CANDO PETAN NA PORTA POLA NOITE.

Catro relatos de misterio que Docampo adica ós seu país, dos que di que foron grandes contadores de contos. Son historias que cando as lemos, parece que as estamos escoitando, o cal fai que o noso medo vaia en aumento.

## OS PREMIOS:

- Premio "Feira do Libro de A Coruña, 1989"
- Premio "Emilia Pardo Bazán" do MEC
- Premio "Rañolas 1994" á mellor obra de Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia.
- "Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil 1995", "Honour List IBBY 1996". "The White Ravens 1997" de la Jugendbibliothek de Munich.
- Premio "Lecturas" da Asociación do Libro Infantil e Xuvenil de Galicia (GALIX) de 2004"
- The White Ravens 2005" da Jugendbibliothek de Munich.
- Premio Irmandade do Libro ao autor 2008